INFORME 2025: ACCIÓNS E IMPACTO DO CLÚSTER GALEGO DO DEPORTE

OBSERVATORIO GALEGO DO DEPORTE DO CLÚSTER GALEGO DA INDUSTRIA DO DEPORTE E O BENESTAR

clúster industria DEPORTE GALEGO 2M

Colección Informes
Nº 11/2025

Edición
Observatorio Galego do Deporte
Clúster da Industria do deporte e o benestar de Galicia

Autoría
Sofía Toro Prieto-Puga
Eduardo Agulló Canosa
Carla da Silva Castro

Ilustracións
www.canva.com
www.freepick.es
Entidades adheridas ao Clúster

ISSN
3020-9544

AVANCE

O presente informe recolle unha **síntese das accións, actividades e resultados do Clúster Galego da Industria do Deporte e o Benestar durante o ano 2025,** no marco do Observatorio Galego do Deporte. O documento ten como obxectivo ofrecer unha visión estruturada da actividade desenvolvida pola entidade, así como do seu impacto no ecosistema deportivo galego.

Ao longo de 2025, o Clúster desenvolveu unha actividade intensa orientada ao **fomento da actividade física, a mellora da competitividade do sector e o reforzo da colaboración institucional**, en coherencia coa folla de ruta establecida no **Plan Estratéxico 2024-2028**. Neste contexto, destacan a continuidade do **Plan 2M** e a posta en marcha da **Business Factory Sport (BF Sport)** como proxectos estratéxicos de referencia.

O informe organiza a información en torno ás principais liñas de actuación do Clúster, incorporando unha descrición das accións desenvolvidas, un conxunto de indicadores cuantitativos de actividade, unha análise do impacto cualitativo das actuacións e os resultados da enquisa de percepción e valoración da masa social.

Finalmente, o documento inclúe unha reflexión sobre os **retos e liñas de traballo para 2026**, identificando ámbitos prioritarios como o fortalecemento do networking sectorial, a dixitalización e a apertura a novas oportunidades de colaboración, tanto a nivel autonómico como europeo.

ÍNDICE

AVANCE..... 3

1. INTRODUCCIÓN..... 5

2. O CLÚSTER..... 6

2.1. Entidades asociadas..... 7

2.2. Estrutura organizativa..... 8

3. LIÑAS E EIXOS ESTRATÉXICOS..... 9

4. ACCIÓNS E ACTIVIDADES PRINCIPAIS.....10

4.1. Proxectos e iniciativas estratéxicas..... 11

4.2. Actividades institucionais e de representación.....16

4.3. Xornadas, eventos e accións divulgativas..... 17

5. RESULTADOS E INDICADORES DE ACTIVIDADE..... 20

5.1. Principais magnitudes.....20

5.2. Impacto cualitativo das actuacións..... 21

5.3. Percepción e valoración da masa social.....22

6. CONCLUSIÓNS E LIÑAS DE CONTINUIDADE..... 23

6.1. Valoración global do período.....23

5.2. Retos e principais liñas de traballo 2026.....24

1 INTRODUCCIÓN

O Observatorio de datos do *Clúster galego da Industria do deporte e o benestar* ten, entre os seus obxectivos, a **análise de informes e estatísticas relacionadas coa práctica deportiva, poñendo a ollada nos datos relevantes para a nosa comunidade**. Deste xeito, convértese nunha ferramenta fundamental para o desenvolvemento conxunto da industria do deporte e benestar.

Dende a fundación do Clúster, **manifestouse a relevancia que ten a creación dun Observatorio de datos baseado nun sistema de información fiable, cuxos indicadores sexan postos a disposición de todos os axentes implicados no sector deportivo de Galicia**, e que permita a difusión de datos periódicos que faciliten o seguimento dos obxectivos marcados no Plan Estratéxico da entidade.

Dentro deste Observatorio preténdese dotar á industria do deporte e o benestar de datos que contextualicen e sirvan de apoio para a construción de proxectos estratéxicos en cada un dos seus subsectores. E, mediante o mesmo, o Clúster ten o compromiso de **analizar os informes de relevancia** elaborados por entidades alleas así como **elaborar de forma interna novos informes**.

O presente informe trata dunha **recompilación e análise das accións e da actividade desenvolvida polo Clúster da Industria do deporte e o benestar de Galicia** durante o ano 2025, co fin de darlle relevancia e unificar nun documento o traballo realizado pola entidade durante todo o ano.

Neste contexto, a actividade do Clúster combinou **accións de carácter institucional, sectorial e divulgativo** que permitiron reforzar a presenza da nosa entidade en espazos de diálogo e coordinación, así como ampliar o alcance das iniciativas desenvolvidas no marco do **Observatorio Galego do Deporte**.

Así mesmo, o período analizado estivo marcado pola posta en marcha e desenvolvemento de proxectos de carácter estrutural, orientados a dar resposta a retos identificados no sector deportivo galego. Estas iniciativas contribuíron a fortalecer a capacidade operativa do Clúster.

O **Observatorio Galego do Deporte do Clúster galego da Industria do deporte e o benestar**, en consonancia cos obxectivos da súa constitución, **analizou os datos referentes ao sector e publica neste informe os máis relevantes**.

2
O CLÚSTER

O **Clúster da Industria do deporte e o benestar de Galicia** é unha entidade que naceu no ano 2021, impulsada por un grupo de potentes empresas galegas do sector xunto cun destacado número de profesionais do ámbito. A súa misión é **aglutinar todas as entidades dedicadas ao sector do deporte e o benestar en Galicia**, defendendo e representando os seus intereses e facilitando a mellora competitiva do tecido industrial deportivo galego. Entre os seus ámbitos de acción destacan a saúde e a calidade de vida, a investigación e a innovación, a transformación dixital e a eficiencia enerxética.

Durante estes anos de actividade, o Clúster traballou polo sector da industria deportiva establecendo relacións con entidades de diversa índole; promovendo e propiciando proxectos a favor do sector; facilitando sinerxías e relacións de colaboración entre as súas entidades asociadas a través de canles como eventos (presenciais e en liña); e promovendo a internacionalización da industria deportiva de Galicia. Froito desta labor, o Clúster vai gañando representatividade no sector, aumentando a súa masa social e posicionándose como **a entidade de referencia a nivel autonómico e estatal na industria do deporte e o benestar de Galicia**.

Á vista dos retos e oportunidades que enfrenta o sector deportivo e do benestar en Galicia, o Clúster estableceu o seu **Plan Estratéxico 2024-2028** como guía fundamental para impulsar o crecemento, a innovación e a colaboración nos próximos anos. Este plan traza unha folla de ruta clara e organizada, asegurando que as metas e obxectivos do Clúster se alcancen de maneira efectiva e sostible.



2.1. ENTIDADES ASOCIADAS

Dende a creación do Clúster o número de entidades asociadas foi aumentando, chegando a ser hoxe en día de **106 entidades socias e 17 entidades colaboradoras**. No último ano o número de entidades asociadas medrou considerablemente, con case 20 entidades novas. Así, o Clúster pecha o ano 2025 cun total de **123 entidades.**

2.2. ESTRUTURA ORGANIZATIVA

En xuño de 2025, e segundo indican os Estatutos do Clúster, convocáronse eleccións á **Presidencia e Xunta Directiva**. Así, o 27 de xuño celebrouse a Asemblea Xeral Extraordinaria, onde se proclamou a candidatura única encabezada por Pedro Iglesias, representante de IMPAC Fitness SL.

Ademais, o Clúster conta cun **equipo profesional** formado por tres persoas: a Xerente, o Director de Comunicación e a Directora de proxecto. Durante o ano 2025 tamén se contou cunha persoa de prácticas do Mestrado en Xestión Empresarial do deporte da Universidade de Vigo.

PRESIDENTE
Pedro Iglesias Santos
IMPAC Fitness SL

VICEPRESIDENTE
Roberto Ramos Piñeiro
Grupo BeOne/ServiOcio SL

SECRETARIO E TESOUREIRO
Pablo Tenreiro Varela
Local Sports Centers SLU

VOGAL
Francisco Cortegoso Díaz
Aqa Xestión Deportiva SA

VOGAL
Marcos Fernández Conde
Gaia Gestión Deportiva SL

VOGAL
Claudio Orjales Lamas
Espacios Termolúdicos SA

VOGAL
José M. Amado Abelenda
Motivos Singulares SLU

VOGAL
Borja Ropero Blanco
ASESFIT

VOGAL
Antonio Rodríguez del Corral
CINFO Cont. Inform. Pers. SL

VOGAL
Jim Graña Gómez
JIM Sports Tech. SLU

VOGAL
Fernando Timiraos Carrasco
Club Natación Portamiñá

3 LIÑAS E EIXOS ESTRATÉXICOS

Durante o ano 2025, o Clúster continuou a traballar na folla de ruta marcada polo **Plan Estratéxico 2024-2028**, no que se estableceron as seguintes liñas de acción e eixos estratéxicos:

Este ano estivo marcado especialmente polo traballo relacionado co **Plan 2 Millóns** no Eixo 1, e pola posta en marcha da aceleradora de proxectos **Business Factory Sport (BF Sport)** no Eixo 2.

LIÑAS DE ACCIÓN

LIÑA 1	LIÑA 2	LIÑA 3
Recoñecemento	Influencia	Accións de alto impacto

EIXOS ESTRATÉXICOS

EIXO 1.	EIXO 2.	EIXO 3.	EIXO 4.
Fomento da actividade física e deportiva	Mellora da competitividade do sector	Fomento das relacións intersectoriais e coa administración	Consolidación e proxección do Clúster

4 ACCIÓNS E ACTIVIDADES PRINCIPAIS

De forma sintetizada, preséntanse as accións e actividades nas que o Clúster estivo involucrado durante o ano 2025, dividíndoas nas seguintes categorías:

4.1. Proxectos e iniciativas estratéxicas

4.2. Actividades institucionais e de representación

4.3. Xornadas, eventos e accións divulgativas

4.1. PROXECTOS E INICIATIVAS ESTRATÉXICAS

ESTRATEXIA 2M

Durante o ano 2025 desenvolveuse o contido estratéxico do **Plan 2 Millóns**, co fin de darlle coherencia á mensaxe a través de obxectivos, metas, temporalización e indicadores claros e medibles.



BUSINESS FACTORY SPORT (BF SPORT)

Este ano púxose en marcha a **BF Sport**, a aceleradora galega do deporte, que nace da colaboración entre a a **Consellería de Economía e Industria**, a través do **Igape** e **Xesgalicia**, e o Clúster. A **BF Sport** contará cunha inversión total de case **5,5 millóns de euros** para impulsar un total de **56 proxectos empresarais** nos próximos tres anos, converténdose así nunha das **maiores accións do Clúster desde a súa creación**.

A posta en marcha da aceleradora tivo lugar en xullo coa apertura da **convocatoria de aceleración**, á que se presentaron 37 proxectos, dos cales 12 foron escollidos para participar no **StartUp Day** celebrado no mes de setembro en Santiago de Compostela. Finalmente, as **6 prazas ofertadas neste programa** foron outorgadas a **10mets**, **Artio**, **EDynamics**, **Ennutro**, **MyTraingsPal** y **Xalut Sport**. Estas iniciativas xa participaron nunha semana de inmersión en innovación deportiva a través do **Bootcamp** da aceleradora.

O ano 2026 comezará co primeiro **programa de incubación**, un itinerario que ten como obxectivo dar **apoio a persoas emprendedoras nas primeiras etapas de desenvolvemento do seu proxecto** coa definición da idea de produto ou servizo, así como a construción do seu MVP. Nesta convocatoria hai **12 prazas dispoñibles**.

Dada a relevancia deste proxecto, a aceleradora recibiu o **Premio Galicia á innovación deportiva**, que foi outorgado por AGAXEDE.

OBSERVATORIO GALEGO DO DEPORTE

No ano 2025 deuse continuidade á **publicación trimestral de informes no Observatorio Galego do Deporte**, unha entidade dependente do Clúster que busca xerar datos específicos da industria deportiva de Galicia.

No mes de febreiro publicouse o **Informe 2024: Hábitos deportivos no Concello de Pontevedra**, un estudo descritivo do estilo de vida da pobaoción pontevedresa feito polo Clúster en colaboración con este municipio.

Nos meses de maio e setembro fixéronse dúas publicacións referidas á **contextualización do sector deportivo**, a primeira delas a nivel internacional e europeo, e a segunda centrada na situación estatal e galega.

Por último, no mes de decembro publícase o presente informe, recollendo as **principais accións do Clúster durante o ano 2025**.

De cara ao ano 2026, os informes que sairán á luz centraranse en diversas temáticas, como o impacto da intelixencia artificial no deporte ou o fomento da actividade física en persoas con discapacidade en Galicia.



OBRADOIROS DE DIXITALIZACIÓN

No primeiro semestre do ano 2025 desenvolvéronse dous obradoiros de dixitalización grazas á financiación do Igape.

O primeiro foi o **Obradoiro de dixitalización do Plan 2M**, que tiña por obxectivo desenvolver unha proposta de ferramenta dixital que axudase a aumentar a poboación activa e contabilizase a súa práctica deportiva.

Pola súa parte, no **Obradoiro de dixitalización de rutas saudables**, o obxectivo era desenvolver unha proposta de ferramenta tecnolóxica que permitise dixitalizar rutas para mellorar a experiencia e o rendemento das persoas que practican deporte no medio natural e nas contornas urbanas.

En cada obradoiro leváronse a cabo **tres reunións** do grupo de traballo (dúas online e unha presencial) para dar resposta ao propósito de cada un deles. As reunións presenciais tiveron lugar na Universidade de Santiago de Compostela para o Obradoiro do Plan 2M, e no edificio do Concello de Pontevedra, par ao Obradoiro de rutas saudables.

Nestes obradoiros participaron un total de **25 entidades de diferentes eslabóns da cadea de valor do deporte**, entre empresas de servizos, de produtos deportivos, de turismo deportivo, de organización de eventos e de software; entidades deportivas e entidades de apoio, como a AECC Pontevedra, o Clúster Turismo Galicia, o Clúster TIC Galicia; e as tres universidades galegas.

OBRADOIROS 2M

O curso **Obradoiros 2M: fomento da actividade física en colectivos en risco de exclusión** contou coa financiación da Deputación da Coruña, e tiña por obxectivo promover a práctica de actividade física en colectivos vulnerables (persoas maiores, persoas con patoloxías crónicas, persoas con discapacidade e persoas migrantes) a través da formación a persoal técnico deportivo, tanto do eido público coma privado.

Cunha duración de 8h en modalidade online, cada bloque temático estaba orientado a un colectivo concreto e dividido nunha parte teórica de **procesos de captación e fomento da participación**, e outra máis práctica de **presentación de casos de éxito**. O equipo docente estaba composto por entidades asociadas con experiencia no ámbito e por persoas ou institucións de relevancia no sector da inclusión no deporte, distribuídos da seguinte forma:

- **Persoas maiores:** The Well Being Lab e Salud e Movimiento Gym Boutique
- **Discapacidade:** SOMOS e Fundación ENKI
- **Migración:** Fundación Dignidade e Fundación Breogán
- **Patoloxías:** Centros .active e Asociación Española contra o Cancro

4.2. ACTIVIDADES INSTITUCIONAIS E DE REPRESENTACIÓN

No ano 2025, o Clúster estreitou lazos con diferentes axentes que forman parte da administración, dando lugar a eventos e actividades como:

- **Visitas institucionais a empresas deportivas:** o concselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, acompañado de parte da Xunta Directiva do Clúster e da xerente, visitou diferentes empresas deportivas de relevancia nos primeiros meses do ano, co obxectivo de profundizar na actividade da industria deportiva e de poñer en valor o deporte como sector estratéxico dentro da economía galega.
- **Reunións de traballo:** leváronse a cabo diferentes reunións de traballo para analizar liñas de colaboración co Igape, a Secretaría Xeral para o Deporte, e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; entre outros.
- **Sinatura de convenios:** o Concello de Tomiño asinou no mes de marzo o Convenio de adhesión ao **Plan 2M**, sumándose así ás entidades que apostan polo fomento de estilos de vida activos e saudables.

4.3. XORNADAS, EVENTOS E ACCIÓNS DIVULGATIVAS

GALICIA SPORTECH CONGRESS E ASEMBLEAS

O Clúster colaborou este ano no **Galicia Sportech Congress**, que celebrou a súa quinta edición na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra os días 2 e 3 de abril de 2025.

Este é xa un **evento de referencia a nivel estatal** no eido da innovación e da tecnoloxía aplicada ao deporte, reunindo a profesionais, empresas e starups do sector co fin de debatir sobre as últimas tendencias que están a transformar a industria deportiva. A través de relatorios, mesas redondas e presentacións de proxectos, o público asistente puido coñecer **solucións innovadoras e casos de éxito que están a marcar o futuro do deporte**.

No seno deste evento tamén tivo lugar a celebración da **Asemblea Xeral Ordinaria do Clúster**, a xuntanza anual da masa social para dar conta de toda a actualidade da nosa entidade. Ademais, neste caso tamén se anunciou a convocatoria de eleccións á Presidencia e Xunta Directiva do Clúster, que tiveron lugar no mes de xuño en **Asemblea Xeral Extraordinaria** celebrada por videoconferencia.

PRESENTACIÓN OFICIAL BF SPORT

O Clúster organizou un **acto de presentación institucional da BF Sport** na Cidade da Cultura, ao que asistiron **máis de 70 persoas e representantes de administracións públicas**, como a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, e a directora xeral do IGAPE, Covadonga Toca. Tamén de se contou coa presenza das máis de **20 empresas tractoras do ecosistema**, entre as que se atopan o RC Celta, o RC Deportivo de la Coruña, Hijos de Rivera, Abanca, BeOne, Jim Sports e Máis que Auga.

O evento incluíu tamén o **Startup Day** da aceleradora, a xornada principal da primeira convocatoria de aceleración, coa participación de 12 startups das 37 que se presentaron, que competiron por obter unha das 6 prazas dispoñibles desta convocatoria.

Webinar sobre IA e deporte

Dentro do programa **Xeración Dixital Pemes: Entidades e Empresas Deportivas**, promovido polo Clúster en colaboración coa Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte e a Galicia Business School, organizouse no mes de decembro un seminario en liña titulado "**Transformación dixital e IA no negocio deportivo**", impartido por Manuel Alonso Coto. Esta sesión divulgativa centrouse en como as tecnoloxías dixitais están a transformar o modelo de negocio no deporte, e contou coa participación activa e colaboración do Clúster.

5 RESULTADOS E INDICADORES DE ACTIVIDADE

5.1. PRINCIPAIS MAGNITUDES

O presente apartado recolle **as principais magnitudes cuantitativas da actividade desenvolvida polo Clúster** durante o ano 2025, co obxectivo de ofrecer unha visión sintética do volume de accións realizadas, o alcance das actuacións e o nivel de participación das entidades implicadas. Os indicadores presentados proceden da información interna do Clúster e refírense exclusivamente ao período analizado.

5.2. IMPACTO CUALITATIVO DAS ACTUACIÓNS

Durante o ano 2025, as actuacións desenvolvidas polo Clúster tiveron un **impacto cualitativo relevante no ecosistema deportivo galego**, especialmente en termos de reforzo institucional, dinamización sectorial e impulso da colaboración público-privada. A continuación recóllense os principais ámbitos nos que se identifican efectos cualitativos derivados da actividade desenvolvida.

Reforzo da interlocución institucional

As accións de representación e relación institucional desenvolvidas ao longo de 2025 contribuíron a **consolidar o papel do Clúster como interlocutor sectorial** ante as administracións públicas autonómicas. A participación en encontros institucionais e a colaboración con organismos como o IGAPE permitiron avanzar nun maior recoñecemento do deporte como **sector estratéxico da economía galega**, así como nunha mellor aliñación das políticas públicas coas necesidades da industria.

Visibilidade e posicionamento do sector

A organización e participación en eventos sectoriais e accións divulgativas favoreceu unha **maior visibilidade da industria do deporte e o benestar**, tanto no ámbito institucional como empresarial. En particular, a celebración de xornadas e congresos especializados contribuíu a poñer en valor o potencial innovador do sector e a súa capacidade de xeración de actividade económica e emprego cualificado.

Impulso á innovación e ao emprendemento

O lanzamento da **Business Factory Sport (BF Sport)** supuxo un avance significativo na **creación de instrumentos específicos de apoio ao emprendemento e á innovación no ámbito deportivo**. A posta en marcha da primeira convocatoria de aceleración xerou un espazo estruturado de acompañamento a proxectos empresariais, facilitando o acceso a coñecemento especializado, mentoría e conexión co ecosistema empresarial e institucional.

Fortalecemento da colaboración público-privada

As actuacións desenvolvidas en 2025 evidencian un **reforzo das dinámicas de colaboración público-privada**, tanto a través de programas promovidos conxuntamente coas administracións públicas como mediante a participación do Clúster en iniciativas de interese común. Estas colaboracións contribúen a crear marcos estables de cooperación orientados á **mellora da competitividade e sustentabilidade do sector**.

Xeración e transferencia de coñecemento

A participación en programas formativos e accións divulgativas, así como a organización de seminarios e actividades vinculadas á transformación dixital, favoreceu a **transferencia de coñecemento e a mellora das capacidades das entidades e empresas deportivas**. Este tipo de actuacións reforzan a adaptación do sector aos cambios tecnolóxicos e aos novos modelos de negocio.

5.3. PERCEPCIÓN E VALORACIÓN DA MASA SOCIAL

Co obxectivo de **coñecer a opinión e valoración da masa social do Clúster sobre o traballo realizado durante o ano 2025**, elaborouse unha enquisa que foi difundida a través da newsletter, así coma nun correo específico e tamén por Whatsapp a todas as entidades socias. A continuación preséntanse os resultados máis relevantes obtidos a raíz das respostas recibidas.

A **accesibilidade e proximidade do equipo profesional** e a **comunicación a través das canles internas** foron os puntos fortes do Clúster no 2025. En cambio, os servizos e actividades ofertados e a capacidade de xerar networking útil teñen marxe de mellora. En respostas abertas, salienta de novo necesidade de actividades que fomenten a i**nteracción entre a masa social e a visibilidade das entidades** que forman parte do Clúster.



6
CONCLUSIÓNS E LIÑAS DE CONTINUIDADE

6.1. VALORACIÓN GLOBAL DO PERÍODO

O ano 2025 supuxo un **período de consolidación e avance estratéxico** para o Clúster Galego da Industria do Deporte e o Benestar. A actividade desenvolvida ao longo do exercicio mantívose aliñada coa folla de ruta definida no **Plan Estratéxico 2024-2028**, cunha especial atención ao fomento da actividade física, á mellora da competitividade do sector e ao reforzo da colaboración institucional.

Durante este período, o Clúster incrementou o **volume e diversidade das accións desenvolvidas**, combinando a continuidade de proxectos xa consolidados coa posta en marcha de novas iniciativas de carácter estrutural.

este contexto, destacan especialmente o avance na elaboración e posta en marcha da estratexia do **Plan 2M** e o lanzamento da **Business Factory Sport (BF Sport)** co primeiro programa de aceleración, dous proxectos que contribúen a reforzar o posicionamento do Clúster como **axente dinamizador da industria deportiva galega** e como interlocutor ante as administracións públicas.

Os resultados obtidos, tanto a nivel cuantitativo como cualitativo, xunto coa valoración expresada pola masa social, amosan unha **evolución positiva da entidade**, ao tempo que permiten identificar ámbitos de mellora que servirán de base para orientar as liñas de traballo do próximo ano.

O 2025 DUN VISTAZO

- Consolidación do **Plan 2M** como proxecto estratéxico
- Posta en marcha da **BF Sport**
- Reforzo da actividade institucional e da visibilidade sectorial
- Crecemento e maior implicación da masa social

6.2. RETOS E PRINCIPAIS LIÑAS DE TRABALLO PARA 2026

De cara ao ano 2026, o Clúster Galego da Industria do Deporte e o Benestar continuará avanzando nos obxectivos marcados polo **Plan Estratéxico 2024-2028**, mantendo como eixos prioritarios o desenvolvemento do **Plan 2M** e a consolidación da **Business Factory Sport (BF Sport)** como instrumento de apoio á innovación e ao emprendemento.

Os resultados da enquisa de valoración realizada á masa social identifican como principais prioridades de traballo para o próximo exercicio o **fortalecemento do networking e da xeración de sinerxías entre as entidades asociadas** e a **dixitalización e transformación tecnolóxica das empregas e organizacións do sector**.

En resposta a estas demandas, o Clúster prevé a organización de **tres foros presenciais temáticos** ao longo de 2026, centrados na sustentabilidade das instalacións deportivas, no desenvolvemento do **Plan 2M** e na análise da receita deportiva, concebidos como espazos de encontro, debate e colaboración sectorial.

Así mesmo, levarase a cabo o programa formativo **Xeración Dixital PEMES: Entidades e Empresas Deportivas**, en colaboración coa Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte e a Galicia Business School, co obxectivo de reforzar as competencias dixitais e a adaptación do sector aos novos modelos de negocio.

Como liña de apertura a novos ámbitos de actuación, o Clúster presentará por primeira vez a súa candidatura á convocatoria **Erasmus+ Sport**, co fin de ampliar a cooperación a nivel europeo, xerar novas alianzas internacionais e incrementar a visibilidade das iniciativas desenvolvidas, especialmente do Plan 2M.

RETOS PARA 2026

- Fortalecemento do networking e das sinerxías sectoriais
- Dixitalización e transformación tecnolóxica
- Formación especializada e capacitación continua
- Apertura a programas e colaboracións de ámbito europeo

OBSERVATORIO GALEGO DO DEPORTE

clúster industria
DEPORTE GALEGO